

REGULAMENTO DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO UNIVERSITARIO

Aprobado no Consello de Goberno o 13/06/2011 e modificado no CG o 22/05/2019

- 1) O Consello de Goberno da Universidade de Vigo, poderá outorgar, a proposta das xuntas de centro, un Premio Extraordinario de Grao por cada titulación e curso académico.
Para Programas Conxuntos de Estudos Oficiais (PCEO) se considerará de xeito independente en cada unha das titulacións que integren o PCEO.
- 2) Non se poderán conceder premios extraordinarios pola obtención da titulación como consecuencia da superación dos cursos de adaptación ás titulacións de grao.
- 3) Poderán optar aos premios extraordinarios as persoas que finalicen os seus estudos de grao na Universidade de Vigo e que cumpran os seguintes requisitos:
 - a) Ter cursado na Universidade de Vigo, polo menos, 180 créditos da titulación, incluídos os créditos recoñecidos por actividades recollidas no punto 8 do artigo 12 do RD 861/2010.
 - b) Acadar unha puntuación media no seu expediente académico que estea no rango do 10% superior das cualificacións medias da súa promoción.
- 4) A media do expediente académico de cada estudante será o resultado da aplicación do sistema de cálculo recollido no "Protocolo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración de expedientes académicos".
- 5) Antes do 1 de novembro, por cada titulación farase a valoración dos expedientes do alumnado que finalizou os seus estudos no curso inmediatamente anterior. As certificacións académicas das persoas que reúnan os requisitos do apartado 3, serán avaliadas polos tribunais correspondentes.
- 6) Os tribunais que elaborarán as propostas dos Premios Extraordinarios, estarán constituídos por tres profesores/as doutores/as, con vinculación permanente á Universidade, que deberán ser propostos pola xunta de centro, entre os seus membros, Os tribunais elaborarán un acta que enviarán á secretaría do centro para a súa ratificación pola xunta de centro.
- 7) Poderase deixar deserta a concesión dos premios extraordinarios, Nese caso, non poderán acumularse aos de sucesivas convocatorias.
- 8) O centro comunicará a súa proposta á Secretaría Xeral antes do día 30 de novembro.
- 9) A obtención de premio extraordinario reflectirase no título.
- 10) O estudantado que obteña o premio extraordinario estará exento do pagamento das taxas de expedición do título universitario. No caso de que o/a estudante xa as tivese aboado, procederase de oficio á devolución do importe satisfeito.